



DATOS IDENTIFICATIVOS

Expresión musical e a súa didáctica

Materia	Expresión musical e a súa didáctica			
Código	V51G110V01504			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Holgado Pena, José Luís			
Profesorado	Holgado Pena, José Luís			
Correo-e	holgado@ceu.es			
Web	http://www.escuelamagisterioceuvigo.es			
Descrición xeral	Introdución aos elementos da lectura e linguaxe musical e as formas de expresión na música adaptadas para a acción docente na educación infantil: a canción e a interpretación con instrumentos Orff.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia.
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos.
C45	Coñecer a tradición oral e o folklora.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
C57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
C58	Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.
D1	Capacidade de análise e síntese

D2	Capacidade de organización e planificación
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender os principios que contribúen á formación histórica, cultural, persoal e social desde a educación musical en infantil.	A1	B1 B11 B12	C45	D1 D19 D21
2. Coñecer as posibilidades e limitacións da educación musical en infantil.	A2	B1 B2	C53 C54 C55 C56	D1 D2 D5 D6 D16 D17 D21
3. Coñecemento do currículo escolar infantil, relacionado coa educación musical.	A1 A2	B1 B2	C53 C56	D1 D2 D6 D9 D17 D21
4. Adquisición de recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais dentro e fóra da escola.	A3 A4	B2 B11 B12	C53 C54 C55 C56 C58	D1 D2 D5 D6 D8 D9 D11 D17 D21
5. Educación artística: coñecemento e organización dos elementos musicais e pautas de traballo para a creación de actividades artísticas relacionadas coa música.	A4	B11	C53 C56	D1 D2 D6 D9 D12 D15 D16 D17 D21
6. Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.	A2	B11		D2 D6 D7 D8 D9 D11 D13 D14 D16 D18 D21

7. Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.	A5	B11 B12	C56 C58	D13 D15 D21
8. Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	A2 A3 A4 A5	B1	C55 C56 C58	D1 D2 D6 D11 D13 D15 D17 D18 D21
9. Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	A4	B11	C58	D1 D2 D7 D8 D9 D13 D14 D18 D20 D21
10. Capacidade para aplicar os principios técnicos e pedagóxicos á educación musical.	A1 A2 A5	B1 B11	C45 C53 C55 C56 C57 C58	D1 D2 D5 D6 D12 D15 D17 D20 D21
11. Elaboración de contidos musicais de diferentes estilos e xénero para a educación musical.	A1 A2	B1 B8	C45 C53 C54 C55 C56	D1 D2 D5 D6 D11 D12 D14 D17 D21

Contidos

Tema

1. Coñecer os elementos da música, para a súa aplicación didáctica e pedagóxica.	a) Valor formativo da música. b) Desenvolvemento musical dos nenos entre os 0 e os 6 anos.
2. Aprender as grafías convencionais e non convencionais básicas da linguaxe musical.	a) As cualidades do son: altura, intensidade, duración e timbre. b) Figuras e silencios. Compases. Tempo. Pulso. Acento. Combinacións rítmicas. Lectura e interpretación de esquemas rítmicos. c) O corpo como instrumento. d) Expresión corporal
3. Saber crear actividades musicais para solucionar problemas de comprensión e destreza musical.	a) Linguaxe musical: notación, claves, alteracións, signos de prolongación e repetición, signos de expresión. b) Novas tecnoloxías: Audacity e Musescore.
4. Saber adaptar unha peza musical a actividades lúdicas.	Lectura fácil de partituras.
5. Saber utilizar un repertorio vocal e instrumental para infantil.	a) Formación auditiva: percepción e análise dos parámetros do son na audición: altura, intensidade, duración, timbre. b) Expresión vocal: A canción como eixo da educación musical. Entoación de cancións e fragmentos melódicos. Cancións con xestos. c) Formación instrumental: Clasificación dos instrumentos: familias e subfamiliar. Os instrumentos dispoñibles nas aulas de música: coñecemento e práctica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	20	40
Traballo tutelado	18.5	31.5	50

Traballo tutelado	6	17	23
Resolución de problemas	2	0	2
Seminario	2	2	4
Presentación	3	12	15
Exame de preguntas obxectivas	2	6	8
Cartafol/dossier	1	6	7
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia e das directrices para a elaboración dos traballos previstos.
Traballo tutelado	Prácticas instrumentais e vocais. Desenvolvemento das técnicas de ensino, ensaio e montaxe de obras musicais para o nivel.
Traballo tutelado	Presentación e execución dos traballos elaborados polo alumnado con carácter individual ou colectivo.
Resolución de problemas	
Seminario	

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención personalizada nas sesións na aula e no despacho E no horario das titorías.
Traballo tutelado	Atención personalizada nas sesións na aula e no despacho E no horario das titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
			A1	B1	C	D
Presentación	Exposición dunha actividade, segundo un guión de actividades realizadas na clase	30	A1 A2 A4	B2 B11	C45 C54 C55 C56	D1 D2 D8 D9 D11 D12 D13 D16 D17 D18 D20
Exame de preguntas obxectivas	Exame escrito con preguntas curtas e/ou tipo test.	40	A1 A3 A5	B1	C53	D7 D15
Cartafol/dossier	Presentación dun traballo no que aparezan todas as actividades realizadas na clase.	20	A4	B12		D5 D6 D19
Observación sistemática	Asistencia e participación	10			C57 C58	D1 D11 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que asista a clase menos do 85% terá que presentarse a un exame específico debido as súas circunstancias especiais. En este caso, a nota do exame pasará a ser do 50% da cualificación xeral. No caso de unha cualificación final non satisfactoria, os contidos teóricos e os traballos serán recuperables nas seguintes convocatorias de recuperación.

O alumnado que asista a clase menos do 65% e/ou non expoña a súa actividade, terán que presentarse a un exame específico debido as súas circunstancias especiais. O exame constará de preguntas curtas, tipo test e/ou a desenvolver sobre o libro; Cremades, R. (2017) *Desarrollo de la Expresión Musical en Educación Infantil*. Madrid: Paraninfo. En este caso, a nota do exame pasará a ser do 100% da cualificación xeral.

Para superar a materia será necesario alcanzar o 50% da cualificación en todos os apartados de avaliación.

O alumnado que empregue o teléfono móbil durante o transcurso de calquera clase, teórica ou práctica, será expulsado inmediatamente da aula, contando como falta de asistencia.

A proba escrita levarase a cabo na data establecida oficialmente polo Centro e publicada na páxina web

<https://www.esuelamagisterioceuvigo.es/organizacion-academica/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Agudo Brigidano, Dorotea, **Juegos de todas las culturas**, Inde, 2002

Albert Blaster, James y Phyllis Weikart, **Música y movimiento**, Graó, 2001

Bernal Vázquez, J. - Calvo Niño, M^a Luisa, **Didáctica de la música**, Aljibe, 2000

Montoro Alcubilla, María Pilar, **44 juegos auditivos**, 3^a, CCS, 2015

Tafari, Johannella, **¿Se nace musical? : cómo promover las aptitudes musicales de los niños**, Graó, 2010

Pascual Mejía, Pilar, **Didáctica de la música en Infantil**, Pearson, 2010

Espejo Aubero, Alicia, **Juegos musicales en la escuela**, CCS, 2011

Storms, Ger., **101 Juegos Musicales**, Graó, 2003

Cremades, Roberto, **Desarrollo de la Expresión Musical en Educación Infantil**, Paraninfo, 2017

Bibliografía Complementaria

Bozzini, Fernando, **El juego y la música : juegos musicales en la escuela**, Novedades Educativas, 2000

Conde Caveda, J.L. - Martín Moreno, C, **Las canciones motrices**, Inde, 2002

Rodrigo, María Soledad, **Musicoterapia**, Musicalis, 2000

Crandall, Joanne, **Musicoterapi**, Neo Person, 2005

Vaillancourt, Guylaine, **Música y musicoterapia**, Narcea, 2017

Froseth, James, **Música y movimiento**, Graó, 2001

Frega, Ana Lucía, **Didáctica de la música**, Bonum, 2005

Giráldez Hayes, Andrea,, Díaz, Maravillas, **Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical**, Graó, 2014

Pérez, Susana, **Juegos de música y expresión corporal**, Parramón, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Dada a importante carga práctica da materia, é altamente recomendable a asistencia regular ás sesións presenciais.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinino atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dunha maneira máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

*Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

*Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

*Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

*Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

*Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

*Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

*Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

*Información adicional

Non hai.
